

Artigo 4.

O Goberno deberá:

1. Promover as accións e actuacións necesarias para desenvolver os contidos das convencións internacionais sobre a eliminación de toda forma de discriminación racial, discriminación contra a muller e discriminación derivada da orientación sexual.

2. Promover accións necesarias para contribuír á desmobilización e reintegración na sociedade de menores implicados en conflitos.

Disposición adicional primeira.

O Goberno informará as Cortes Xerais das actuacións realizadas en materia de cultura de paz, así como dos recursos destinados a elas.

Disposición adicional segunda.

No marco da proclamación pola Asemblea Xeral da Nacións Unidas da década 2001-2010 «Decenio Internacional da promoción dunha cultura de non-violencia e de paz en beneficio dos nenos do mundo», o Goberno buscará o desenvolvemento de iniciativas concretas en materia de cultura de paz en plena coordinación coas organizacións de Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), e para a infancia (UNICEF).

Disposición transitoria única.

O Estado español formalizará –no prazo máis breve posible– a adhesión á Axenda da Haia para a Paz e a Xustiza no Século XXI, e comprométese a desenvolver os programas e as propostas que nela se conteñen.

Disposición derradeira única.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 30 de novembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

19793 *ORDE SCO/3719/2005, do 21 de novembro, sobre substancias para o tratamento da auga destinada á produción de auga de consumo humano. («BOE» 287, do 1-12-2005.)*

O Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano, incorpora ao noso dereito interno a Directiva 98/83/CE do Consello, do 3 de novembro de

1998, relativa á calidade da auga destinada ao consumo humano.

O obxectivo esencial desta norma é a protección da saúde humana asegurando o uso seguro das substancias utilizadas no tratamento da auga destinada á produción de auga de consumo humano.

No artigo 9, relativo ás substancias para o tratamento da auga, indícase que calquera substancia ou preparado que se engada á auga deberá cumprir a norma UNE-EN vixente en cada momento. Para tal efecto no anexo II faise referencia ás normas UNE-EN de substancias utilizadas no tratamento da auga de consumo humano.

Esta orde regula a actualización das substancias relacionadas no anexo II do Real decreto 140/2003 e, ademais, dado que se observaron certos problemas na aplicación dos criterios sanitarios que recolle esa norma, establécense requisitos adicionais de uso das devanditas substancias.

O establecemento destes requisitos de uso baséase no principio de precaución, co fin de que ningunha das substancias que se utilicen no tratamento ou distribución das augas destinadas ao consumo humano, nin tampouco as impurezas asociadas a estas substancias, permanezan en concentracións superiores ao disposto na lexislación vixente, co fin de que non supoñan un menos-cabo directo ou indirecto para a protección da saúde humana.

Por último, esta orde derroga a Resolución da Subsecretaría de Sanidade e Consumo, do 23 de abril de 1984, pola que se aproba a lista positiva de aditivos e coadjuvantes tecnolóxicos autorizados para o tratamento das augas potables de consumo público.

Esta disposición foi sometida ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, modificada pola Directiva 98/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xullo de 1998, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que incorpora estas directivas ao ordenamento xurídico español.

Na súa elaboración foron oídos os sectores afectados, consultadas as comunidades autónomas, e emitiu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Esta orde dítase de conformidade co establecido no artigo 9.1 e na disposición derradeira primeira do Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto protexer a saúde da poboación garantindo o uso adecuado das substancias empregadas para o tratamento da auga destinada á produción de auga de consumo humano, para o que se actualiza o anexo II do Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Esta disposición será de aplicación a toda substancia pura, ou que forme parte dun preparado, que se agregue á auga ou sexa empregada nos procesos de tratamento da auga destinada á produción de auga de consumo humano e a súa distribución, e á auga de proceso utilizada na industria alimentaria, así como a todo produto utilizado para labores de mantemento do abastecemento e a limpeza de superficies e equipamentos, que estean en contacto coa auga de consumo humano.

2. As substancias puras, ou que formen parte dun preparado, utilizadas nos labores de mantemento, desin-crustación e limpeza nos procesos unitarios de tratamento baseados na tecnoloxía de membranas, serán incorpora-das de acordo co procedemento previsto no artigo sétimo desta orde e rexeranse polo disposto no artigo 9 do Real decreto 140/2003 e a normativa que puidese ser de aplica-ción.

Artigo 3. *Requisitos de uso.*

As substancias deberán cumprir os requisitos de uso segundo sinala o anexo, en relación con:

- a) Lugar de aplicación: lugares onde se poderá utili-zar cada substancia; no caso de utilizala noutro lugar, deberá ser autorizado pola autoridade sanitaria compe-tente.
- b) Condicións de uso: condicións para o fabricante, envasador, distribuidor ou para o xestor do tratamento.
- c) Control analítico adicional: en aplicación do artigo 18, puntos 3 e 4, do Real decreto 140/2003, establécense controis adicionais segundo a substancia utilizada, e a frecuencia de mostraxe deberá ser como mínimo a des-crita para o autocontrol no anexo V do citado real decreto.

Artigo 4. *Prohibicións de uso.*

Queda prohibida a utilización, para os usos descritos no artigo 2, de calquera substancia pura, ou que forme parte dun preparado, que non cumpra os requisitos esta-blecidos nesta orde e no Real decreto 140/2003.

Artigo 5. *Información sobre as substancias.*

Co fin de garantir que na utilización das substancias se cumpren as exixencias establecidas nesta orde e no Real decreto 140/2003, os fabricantes, envasadores e dis-tribuidores das substancias e preparados deberanlles facilitar aos seus clientes a información suficiente, ade-cuada e actualizada, a ser posible por lotes, que sexa indispensable para asegurar o cumprimento dos requisi-tos de uso, sen prexuízo do cumprimento das obrigas

establecidas na normativa vixente sobre substancias novas, clasificación, envasado e etiquetaxe de substan-cias e preparados perigosos, rexistro, autorización e comercialización de biocidas e rexistro xeral sanitario de alimentos ou calquera outra normativa que puidese ser de aplicación.

Artigo 6. *Actualización do anexo II do Real decreto 140/2003.*

O anexo desta disposición substitúe o anexo II do Real decreto 140/2003.

Artigo 7. *Actualización técnica.*

Á luz dos avances científicos e técnicos actualizarase esta disposición e o Ministerio de Sanidade e Consumo elaborará, se é o caso, guías técnicas sobre as substan-cias definidas no artigo 2.11 do Real decreto 140/2003.

Disposición transitoria única. *Período de adaptación para as poliacrilamidas.*

Para o caso das poliacrilamidas, as condicións de uso a que se refire o artigo 3 e que están descritas no anexo serán exixibles aos seis meses a partir da entrada en vigor desta orde.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Derrógase a Resolución da Subsecretaría de Sanidade e Consumo, do 23 de abril de 1984, pola que se aproba a lista positiva de aditivos e coadxuvantes tecnolóxicos autorizados para o tratamento das augas potables de con-sumo público.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 21 de novembro de 2005.

SALGADO MÉNDEZ

ANEXO

PARTE A

Substancias destinadas ao tratamento da auga de consumo humano e á desinfección de superficies e equipamentos que estean en contacto con ela

Notas previas:

En aplicación do artigo 18, puntos 3 e 4, do Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, establécense controis adicionais segundo a substancia utilizada, e a frecuencia de mostraxe deberá ser como mínimo a descrita para o autocontrol no anexo V do citado real decreto, ou a que dispoña a autoridade sanitaria competente.

Os números de rexistro CAS subministranse unicamente a título informativo. A única referencia que identifica inequivocamente as substancias é a norma UNE-EN en vigor.

Por VP enténdese o valor paramétrico fixado no anexo I do Real decreto 140/2003 para cada un dos parámetros que se teña que controlar.

NOME	REQUISITOS DE USO	NORMA UNE-EN	N.º de rexistro CAS	FUNCIÓNS PRINCIPAIS
Ácido acético.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento (entenderase como planta de tratamento tanto unha ETAP como unha desalgadora). Condición: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. Control analítico adicional: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. 	13194	64-19-7	Desnitrificación
Ácido clorhídrico.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento e resinas intercambiadoras. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: índice de Langelier. 	939	7647-01-0	Corrector de pH Obtención <i>in situ</i> de dióxido de cloro Rexenerador resinas
Ácido fosfórico (ácido ortofosfórico).	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: índice de Langelier 	974	7664-38-2	Inhibidor da incrustación Control da corrosión Desnitrificador
Ácido hexafluorosilícico.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: uso exclusivo para fluoración da auga de consumo. Control analítico adicional: o fluoruro con niveis \leq VP. 	12175	16961-83-4	Fluoración
Ácido sulfúrico.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: índice de Langelier 	899	7664-93-9	Corrector de pH
Álxinato de sodio.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: a dose do produto non debe ocasionar que se supere unha concentración de 0.5 mg/L de ingrediente activo na auga tratada. Control analítico adicional: o sodio con niveis $<$ VP. 	1405	9005-38-3	Coagulante/floculante

NOME	REQUISITOS DE USO	NORMA UNE-EN	N.º de rexistro CAS	FUNCIÓNS PRINCIPAIS
Amidóns modificados.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: a dose do produto non debe ocasionar que se supere unha concentración de 0.5 mg/L de ingrediente activo na auga tratada. Control analítico adicional: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. 	1406	9005-25-8 56780-58-6 9063-38-1	Coagulante/ floculante
Alumina activada granulada. (Óxido de aluminio).	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. Control analítico adicional: o aluminio con niveis < VP. 	13753	1344-28-1	Coagulante/ floculante
Aluminato de sodio. (Óxido de aluminio e sodio).	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. Control analítico adicional: o sodio e o aluminio con niveis < VP. 	882	11138-49-1	Coagulante/ floculante
Aluminosilicato expandido.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. Control analítico adicional: o aluminio con niveis < VP. 	12905	-	Filtración
Amoniaco.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: uso exclusivo para realizar cloraminación. Control analítico adicional: o amonio con niveis < VP. 	12122	1336-21-6	Precursor da cloraminación
Amoniaco licuado.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: uso exclusivo para realizar cloraminación. Control analítico adicional: o amonio con niveis < VP. 	12126	7664-41-7	Precursor da cloraminación
Antracita.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento, proceso de tratamento independente ou en instalación interior. Condición: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. Control analítico adicional: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. 	12909	-	Filtración
Area verde de manganeso.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. Control analítico adicional: o manganeso con niveis < VP. 	12911	90387-66-9	Filtración
Area e grava.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento, proceso de tratamento independente ou en instalación interior. Condición: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. Control analítico adicional: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. 	12904	-	Filtración
Barita.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento, proceso de tratamento independente ou en instalación interior. Condición: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. Control analítico adicional: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. 	12912	13462-86-7	Filtración

NOME	REQUISITOS DE USO	NORMA UNE-EN	N.º de rexistro CAS	FUNCIÓNS PRINCIPAIS
Bentonita.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento, proceso de tratamento independente ou en instalación interior. Condición: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. Control analítico adicional: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. 	13754	1302-78-9	Coadxuvante da floculación Adsorbente
Bis-dihidroxeno fosfato de calcio. (Hidroxenoortofosfato de dicalcio).	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: índice de Langelier. 	1204	7758-11-4	Inhibidor da corrosión
Cal – Hidróxido cálcico / óxido cálcico.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: índice de Langelier. 	12518	1305-62-0 1305-78-8	Corrector de pH
Carbón activo en po.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: a dose non debe exceder de 100 mg/L. Control analítico adicional: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. 	12903	7440-44-0	Adsorbente
Carbón activo granulado.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. Control analítico adicional: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. 	12915	7440-44-0	Adsorbente
Carbón pirolizado.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: índice de Langelier. 	12907	-	Filtración
Carbonato de calcio.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: índice de Langelier. 	1018	471-34-1	Corrector de pH
Carbonato cálcico recuberto de dióxido de manganeso.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: manganeso con niveis <VP e índice de Langelier. 	14368	471-34-1 1313-13-9	Corrector de pH
Carbonato de sodio.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: o sodio con niveis < VP e índice de Langelier. 	897	497-19-8	Corrector de pH
Clorito de sodio.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: uso exclusivo para xerar dióxido de cloro. Control analítico adicional: THM, asegurando que os valores no punto de entrega ao consumidor son < VP, 700µg/L para cloritos e cloratos. 	938	7758-19-2	Desinfectante/ oxidante

NOME	REQUISITOS DE USO	NORMA UNE-EN	N.º de rexistro CAS	FUNCIÓNS PRINCIPAIS
Cloro.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento e estación de cloración. Condición: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. Control analítico adicional: cloro libre residual, cloro combinado residual e THM, asegurando que os valores no punto de entrega ao consumidor son < VP, e control doutros subprodutos da cloración. 	937	7782-50-5	Desinfectante/ oxidante
Clorosulfato de ferro III.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: o ferro, o cloruro e o sulfato con niveis < VP e índice de Langelier. 	891	12410-14-9	Coagulante/ floculante
Cloruro de amonio.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condições: <ul style="list-style-type: none"> Uso exclusivo para realizar cloraminación; Tras o tratamento incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: o cloruro e o amonio con niveis < VP. 	1421	12125-02-9	Precursor para a cloraminación
Cloruro de aluminio, hidroxiclورو de aluminio e hidroxiclورuro de aluminio.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: o cloruro, o aluminio e o sulfato con niveis < VP e índice de Langelier. 	881	7446-70-0 1327-41-9 14215-15-7 39290-78-3	Coagulante/ floculante
Cloruro de aluminio e de ferro III e hidroxiclورuro de aluminio e de ferro III.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: o cloruro, o aluminio e o ferro con niveis < VP e índice de Langelier. 	935	7446-70-0 7705-08-0 1327-41-9 14215-15-7	Coagulante/ floculante
Cloruro de ferro III.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: o cloruro e o ferro con niveis < VP e índice de Langelier. 	888	7705-08-0 10025-77-1	Coagulante/ floculante
Cloruro de sodio para a rexeneración de resinas de intercambio iónico.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: resinas intercambiadoras. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: o cloruro e o sodio con niveis < VP e índice de Langelier. 	973	7647-14-5	Rexeneración de resinas
Dihidróxeno fosfato de zinc en solución.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: sulfato e fluoruro con niveis ≤ VP, o zinc con niveis < 3000 µg/L e índice de Langelier. 	1197	13598-37-3	Inhibidor da corrosión

NOME	REQUISITOS DE USO	NORMA UNE-EN	N.º de rexistro CAS	FUNCÍONS PRINCIPAIS
Dihidróxeno fosfato de potasio.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: índice de Langelier. 	1201	7778-77-0	Inhibidor da corrosión
Dihidróxeno fosfato de sodio.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: o sodio con niveis < VP e índice de Langelier. 	1198	7758-80-7	Inhibidor da corrosión
Dihidroxenopirofosfato de sodio.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: o sodio con niveis < VP e índice de Langelier. 	1205	7758-16-9	Inhibidor da corrosión
Dióxido de xofre.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: índice de Langelier e o sulfato con niveis <VP. 	1019	7446-09-5	Axente redutor
Dióxido de carbono.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: índice de Langelier. 	936	124-38-9	Corrector de pH Rexenerar resinas Mineralizar
Dióxido de cloro.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento, proceso de tratamento independente e limpeza de superficies en contacto coa auga de consumo. Condición: sempre, tras a limpeza, se deberá realizar un aclarado con auga apta para o consumo. Control analítico adicional: THM, asegurando que os valores no punto de entrega ao consumidor son < VP, 700 µg/L para cloritos e cloratos. 	12671	10049-04-4	Desinfectante/ oxidante
Disulfito de sodio (metabisulfito de sodio).	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento, proceso de tratamento independente e instalación interior. Condición: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. Control analítico adicional: o sodio e o sulfato con niveis < VP. 	12121	7681-57-4	Axente redutor
Dolomita semi-calcinada.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: índice de Langelier. 	1017	471-34-1 1309-48-4	Corrector de pH Filtración
Etanol.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente Control analítico adicional: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. 	13176	64-17-5	Desnitrificación

NOME	REQUISITOS DE USO	NORMA UNE-EN	N.º de rexistro CAS	FUNCIÓNS PRINCIPAIS
Fluoruro de sodio.	<ul style="list-style-type: none"> • Lugar de aplicación: planta de tratamento. • Condición: uso exclusivo para a fluoración da auga de consumo. • Control analítico adicional: o fluoruro e o sodio con niveis < VP. 	12173	7681-49-4	Fluoración
Fosfato tripotásico.	<ul style="list-style-type: none"> • Lugar de aplicación: planta de tratamento. • Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. • Control analítico adicional: o índice de Langelier. 	1203	7778-53-2	Inhibidor da corrosión
Fosfato trisódico.	<ul style="list-style-type: none"> • Lugar de aplicación: planta de tratamento. • Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. • Control analítico adicional: o sodio con niveis <VP e índice de Langelier. 	1200	7601-54-9	Inhibidor da corrosión
Granate.	<ul style="list-style-type: none"> • Lugar de aplicación: planta de tratamento, proceso de tratamento independente e instalación interior. • Condición: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. • Control analítico adicional: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. 	12910	-	Filtración
Hexafluorosilicato de sodio.	<ul style="list-style-type: none"> • Lugar de aplicación: planta de tratamento. • Condición: uso exclusivo para a fluoración de auga de consumo humano. • Control analítico adicional: o fluoruro e o sodio con niveis < VP. 	12174	16893-85-9	Fluoración
Hidroxenosulfito de sodio.	<ul style="list-style-type: none"> • Lugar de aplicación: planta de tratamento, proceso de tratamento independente e instalación interior. • Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. • Control analítico adicional: o sodio e o sulfato con niveis <VP e índice de Langelier. 	12120	7631-90-5	Axente reductor
Hidroxenocarbonato de sodio.	<ul style="list-style-type: none"> • Lugar de aplicación: planta de tratamento. • Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. • Control analítico adicional: o sodio con niveis <VP e índice de Langelier. 	898	144-55-8	Corrector de pH
Hidroxenofosfato de potasio.	<ul style="list-style-type: none"> • Lugar de aplicación: planta de tratamento. • Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. • Control analítico adicional: o índice de Langelier. 	1202	7758-11-4	Inhibidor da corrosión
Hidroxenofosfato de sodio.	<ul style="list-style-type: none"> • Lugar de aplicación: planta de tratamento. • Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. • Control analítico adicional: o sodio con niveis <VP e índice de Langelier. 	1199	7558-79-4	Inhibidor da corrosión

NOME	REQUISITOS DE USO	NORMA UNE-EN	N.º de rexistro CAS	FUNCIÓNS PRINCIPAIS
Hidróxido de sodio. (sosa acústica)	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: o sodio con niveis <VP e índice de Langelier. 	896	1310-73-2	Corrector de pH
Ferro recuberto con alumina granular activada.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. Control analítico adicional: o aluminio e ferro con niveis < VP. 	14369	10028-22-5 1344-28-1	Coagulante/ floculante
Hipoclorito de calcio.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento e como limpeza de superficies en contacto coa auga de consumo. Condición: sempre, tras a limpeza, se deberá realizar un aclarado con auga apta para o consumo humano. Control analítico adicional: cloro libre residual, cloro combinado residual, THM, asegurando que os valores no punto de entrega ao consumidor son < VP, e control doutros subprodutos da cloración. 	900	7778-54-3	Desinfectante/ oxidante
Hipoclorito de sodio.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento, proceso de tratamento independente e instalación interior conducións, e como limpeza de superficies en contacto coa auga de consumo. Condición: sempre, tras a limpeza, se deberá realizar un aclarado con auga apta para consumo. Control analítico adicional: cloro libre residual, cloro combinado residual, THM, asegurando que os valores no punto de entrega ao consumidor son < VP, e control doutros subprodutos da cloración. 	901	7681-52-9	Desinfectante/ oxidante
Oxixeno.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: captación, conducións, planta de tratamento. Condición: <ul style="list-style-type: none"> Gas de proceso para a produción de ozono. Oxigenación da auga destinada á produción de auga de consumo. Control analítico adicional: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. 	12876	7782-44-7	Desinfectante/ oxidante Aireación
Ozono.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: uso exclusivo para a ozonización da auga de consumo. Control analítico adicional: bromato con niveis < VP e control doutros subprodutos. 	1278	10028-15-6	Desinfectante/ oxidante
Perlita en po.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. Control analítico adicional: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. 	12914	-	Filtración
Permanganato de potasio.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. Control analítico adicional: manganeso con niveis < VP. 	12672	7722-64-7	Desinfectante/ oxidante

NOME	REQUISITOS DE USO	NORMA UNE-EN	N.º de rexistro CAS	FUNCIÓNS PRINCIPAIS
Peróxido de hidróxeno.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento e como limpeza de superficies en contacto coa auga de consumo. Condición: sempre, tras a limpeza, se deberá realizar un aclarado posterior con auga apta para o consumo. Control analítico adicional: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. 	902	7722-84-1	Desinfectante/ oxidante
Peroxodisulfato de sodio (persulfato de sodio).	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: para limpeza de superficies en contacto coa auga de consumo. Condición: sempre, tras a limpeza, se deberá realizar un aclarado posterior con auga apta para o consumo. Control analítico adicional: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. 	12926	7775-27-1	Desinfectante/ oxidante
Peroxomonosulfato de potasio (monopersulfato de potasio).	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento e como limpeza de superficies en contacto coa auga de consumo. Condición: sempre, tras a limpeza, se deberá realizar un aclarado posterior con auga apta para o consumo. Control analítico adicional: o sulfato con niveis <VP. 	12678	70693-62-8	Desinfectante/ oxidante
Pedra pómez.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento, proceso unitario de tratamento e instalación interior. Condición: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. Control analítico adicional: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. 	12906	-	Filtración
Pirofosfato tetrapotásico.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: índice de Langelier. 	1207	7320-34-5	Inhibidor da corrosión, desincrustante
Pirofosfato tetrasódico.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: o sodio con niveis < VP e índice de Langelier. 	1206	7722-88-5	Inhibidor da corrosión, desincrustante
Poli (cloruro de dialildimetilamonio).	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: a concentración non debe exceder de 10 mg/L de principio activo. Control analítico adicional: o cloruro con niveis < VP. 	1408	26062-79-3	Coagulante/ floculante

NOME	REQUISITOS DE USO	NORMA UNE-EN	N.º de rexistro CAS	FUNCIÓNS PRINCIPAIS
Poliacrilamidas aniónicas e non iónicas.	<ul style="list-style-type: none"> • Lugar de aplicación: planta de tratamento. • Condicións: <ul style="list-style-type: none"> - Ningún produto comercial deberá conter máis de 0,02% de monómero libre de acrilamida, respecto do contido total do ingrediente activo (% p/p). - O fabricante debe informar sobre o nivel máximo de acrilamida monomérica (% p/p), segundo o disposto no segundo parágrafo da nota 1, do anexo I parte B2 do Real decreto 140/2003. - A dose de ingrediente activo engadida á auga non deberá superar un valor medio de 0,02 mg/L, e nunca exceder a concentración de 0,05 mg/L. - O seu uso estará condicionado a unha autorización previa da autoridade sanitaria competente. - Control analítico adicional cando exista un método normalizado: a concentración monomérica residual de acrilamida con niveis < VP. 	1407	9003-05-8 9003-04-7 25085-02-3	Coagulante/ floculante
Poliacrilamidas catiónicas.	<ul style="list-style-type: none"> • Lugar de aplicación: planta de tratamento. • Condicións: <ul style="list-style-type: none"> - Ningún produto comercial deberá conter máis de 0,02% de monómero libre de acrilamida, respecto do contido total do ingrediente activo (% p/p). - O fabricante do produto debe informar sobre o nivel máximo de acrilamida monomérica (% p/p) segundo o disposto no segundo parágrafo da nota 1, do anexo I parte B2 do Real decreto 140/2003. - A dose de ingrediente activo engadida á auga non deberá superar un valor medio de 0,02 mg/L, e nunca exceder a concentración de 0,05 mg/L. - O seu uso estará condicionado a unha autorización previa da autoridade sanitaria competente. • Control analítico adicional cando exista un método normalizado: a concentración monomérica residual de acrilamida con niveis < VP. 	1410	69418-26-4 26006-22-4 35429-19-7 25568-39-2 60162-07-4 51410-72-1 52285-95-7 68227-15-6 55216-72-3 26796-75-8 45021-77-0	Coagulante/ floculante
Poliaminas.	<ul style="list-style-type: none"> • Lugar de aplicación: planta de tratamento. • Condicións: <ul style="list-style-type: none"> - Ningún produto comercial deberá conter >20 mg/Kg de 1-cloro-2, 3 epoxipropano (epiclorhidrina) respecto do contido total de principio activo (% p/p). O contido de 3-monocloropropano 1,2-diol por kg de ingrediente activo non deberá superar os 40 mg. - O fabricante debe informar sobre o nivel máximo de epiclorhidrina (% p/p) segundo o disposto no segundo parágrafo da nota 1 do anexo I, parte B2 do Real decreto 140/2003 en relación á epiclorhidrina. - A dose de ingrediente activo non deberá superar un valor medio de 0,2 mg/L, e nunca exceder a concentración de 0,5 mg/L. - O seu uso estará condicionado a unha autorización previa da autoridade sanitaria competente. - Control analítico adicional cando exista un método normalizado: a concentración residual de epiclorhidrina con niveis < VP. 	1409	25988-97-0 42751-79-1 (68583-79-1)	Coagulante/ floculante
Polifosfato de sodio (Metafosfato de sodio).	<ul style="list-style-type: none"> • Lugar de aplicación: planta de tratamento. • Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. • Control analítico adicional: o sodio con niveis < VP e índice de Langelier. 	1212	10124-56-8	Inhibidor da incrustación

NOME	REQUISITOS DE USO	NORMA UNE-EN	N.º de rexistro CAS	FUNCÍONS PRINCIPAIS
Polifosfato de sodio e de calcio.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: sodio con niveis < VP e índice de Langelier. 	1208	(65997-17-3)	Inhibidor da corrosión
Polihidroxicloruro de aluminio e Polihidroxicloro-sulfato de aluminio.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: o cloruro, sulfato (se procede) e o aluminio con niveis < VP e índice de Langelier. 	883	1327-41-9 12042-91-0 10284-64-7 39290-78-3	Coagulante/ floculante
Polihidroxicloro-silicato de aluminio.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: o cloruro e o aluminio con niveis < VP e índice de Langelier. 	885	94894-80-1	Coagulante/ floculante
Polihidroxisulfato-silicato de aluminio.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: o sulfato e o aluminio con niveis < VP e índice de Langelier. 	886	131148-05-5	Coagulante/ floculante
Silicato de sodio.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: o sodio con niveis < VP e índice de Langelier. 	1209	1344-09-8	Coagulante/ floculante Inhibidor da corrosión
Sulfato de aluminio.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. Control analítico adicional: o sulfato e o aluminio con niveis < VP. 	878	10043-01-3 16828-11-8 7786-31-8	Coagulante/ floculante
Sulfato de aluminio e de ferro (III).	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. Control analítico adicional: o sulfato, o ferro e o aluminio con niveis < VP. 	887	10043-01-3 10028-22-5	Coagulante/ floculante
Sulfato de amonio.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: uso exclusivo para cloraminación de auga de consumo. Control analítico adicional: o amonio e o sulfato con niveis < VP 	12123	7783-20-2	Precursor para a cloraminación
Sulfato de cobre.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: uso exclusivo para limpeza de superficies en contacto coa auga de consumo. Condición: sempre, tras a limpeza, se deberá realizar un aclarado con auga apta para o consumo. Control analítico adicional: o cobre e o sulfato con niveis < VP. 	12386	7758-98-7 7758-99-7	Alguicida

NOME	REQUISITOS DE USO	NORMA UNE-EN	N.º de rexistro CAS	FUNCÍONS PRINCIPAIS
Sulfato de ferro II.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: o sulfato e o ferro con niveis <VP. 	889	7782-63-0 7720-78-7	Coagulante/ floculante
Sulfato de ferro III.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: o sulfato e o ferro con niveis <VP. 	890	10028-22-5	Coagulante/ floculante
Sulfito de sodio.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento, proceso de tratamento independente e instalación interior. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: o sulfato e o sodio con niveis <VP e índice de Langelier. 	12124	7757-83-7	Axente redutor
Terra de diatomeas en po.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. Control analítico adicional: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente. 	12913	61790-53-2 68855-54-9 (90053-39-3)	Filtración
Tiosulfato de sodio.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento, proceso de tratamento independente e instalación interior. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: o sulfato e o sodio con niveis <VP e índice de Langelier. 	12125	7772-98-7 10102-17-7	Axente redutor
Tripolifosfato de potasio.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: sulfato e fluoruro con niveis <VP índice de Langelier. 	1211	13845-36-8	Inhibidor da corrosión
Tripolifosfato de sodio.	<ul style="list-style-type: none"> Lugar de aplicación: planta de tratamento. Condición: tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do RD 140/2003. Control analítico adicional: o sodio con niveis <VP. 	1210	7758-29-4	Inhibidor da corrosión

PARTE B

Desinfectantes utilizados en situacións de emerxencia

1. Sempre se utilizarán como primeira opción os biocidas que se describen na parte A deste anexo.
2. Cando non se dispoña dos biocidas anteriores, poderanse utilizar os seguintes compostos, con previa autorización de uso, pola autoridade sanitaria competente:

Nome	Norma UNE-EN	Nº CAS
Ácido tricloroisocianúrico (sincloseno)	12933	87-90-1
Dicloroisocianurato de sodio, anhidro	12931	2893-78-9
Dicloroisocianurato de sodio, dihidratado	12932	51580-86-0

REQUISITOS DE USO

- Lugar de aplicación: depósitos ou superficies en contacto coa auga de consumo.
- Condicións de uso:
 - Utilización temporal, nunca máis de 50 días por ano, mentres que non sexa posible a utilización de desinfectantes da parte A.
 - Se se utiliza para limpeza de superficies, sempre se deberá realizar un aclarado posterior con auga apta para o consumo.
 - Como desinfectante de superficies en contacto coa auga de consumo humano ou como desinfectante da auga de consumo humano: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente.

3. En situacións especiais, as Forzas Armadas poderán utilizar outros desinfectantes para o tratamento de pequenos volumes de auga para consumo humano persoal.